



RESUMO “SEGUIMIENTO Á INVESTIGACIÓN SOBRE ESPAÑA REALIZADA POLO COMITÉ EN VIRTUDE DO ARTIGO 6 DO PROTOCOLO FACULTATIVO DA CONVENCIÓN”

1. CONTEXTUALIZACIÓN.

No ano 2014 o Comité sobre as Persoas con Discapacidade da ONU, logo de ter recibido numerosas denuncias por parte de familias sobre o sistema educativo español, inicia unha investigación do mesmo. No ano 2017 publica un informe no que detecta que o sistema educativo español ten numerosas eivas que obrigan a facer unha actuación restaurativa que se axuste ó disposto na Convención sobre as Persoas con Discapacidade.

Logo disto, o Comité continuou recibindo testemuños de nais e pais que mostran a súa preferencia pola inclusión das súas fillas e fillos na educación ordinaria inclusiva e con apoios, que reportan sobre as barreiras actitudinais e comportamentais que afrontan de maneira regular por parte de autoridades das administracións educativas autónomas, consellerías de educación e equipos de avaliación socio – psicopedagóxica e centros educativo, do longo tempo que toman os procesos administrativos e xudiciais que deben recorrer para obter que se reverta unha decisión de escolarización en centros especiais, do impacto negativo de ditas actitudes e comportamentos e exposición a unha complexa burocracia de trámites administrativos e xudiciais e o seu impacto sobre a súa saúde mental e a dos seus fillos e fillas con discapacidade. Estas prácticas deixan a moitos pais e nais en situación de extrema vulnerabilidade.

2. ASPECTOS IMPORTANTES:

- a. A Convención é un tratado internacional de dereitos humanos ratificado polo Estado parte, polo que é unha norma xuridicamente vinculante.
- b. A educación inclusiva e de calidade das persoas con discapacidade é un dereito recoñecido na Convención, non é só un principio xeral ou un estándar de deseño de políticas públicas.
- c. Os titulares do dereito á educación inclusiva e de calidade son as persoas con discapacidade e non os seus pais, nais, ou outros familiares. Estes últimos teñen con todo un deber de coidado e apoio á inclusión educativa e de calidade.
- d. Todas as autoridades do Estado a todos os niveis teñen a obriga de asegurar que as persoas con discapacidade non queden excluídas do sistema xeral de educación por motivos de discapacidade.



- e. A escolarización de persoas con discapacidade en centros especiais é unha segregación baseada na discapacidade, discriminatoria, e, en consecuencia, incompatible coa Convención.
- f. A obriga de erradicar a discriminación na lexislación e na práctica é de efecto inmediato e non está suxeita a implementación progresiva.
- g. O dereito á educación inclusiva e de calidade é incompatible coa mantención paralela de dous sistemas educativos, un xeral e outro especial.
- h. A Convención non reconece un dereito á educación especial.
- i. A calidade educativa debe asegurarse no sistema xeral ordinario de ensino a través de apoios individualizados e, no seu caso, con axustes razoables.
- j. Todas as persoas con discapacidade, teñen dereito a unha educación inclusiva e de calidade. O feito de que unha persoa con discapacidade requira significativos niveis de apoio individualizado non pode ser usado como unha xustificación para excluíla do sistema xeral ordinario.
- k. A protección das persoas con discapacidade caracterízase polo deber que teñen todas as autoridades do Estado por asegurar que ningunha persoa con discapacidade quede excluída do sistema xeral de educación e porque as persoas con discapacidade teñan os apoios individualizados, cos axustes razoables que requiran.

3. DESENVOLVEMENTOS NO ESTADO PARTE.

Desde o 2017, ano en que o Comité adoptou o seu informe de investigación, o Estado parte levou a cabo estes desenvolvementos:

- Medidas lexislativas:

- a modificación do artigo 49 da Constitución en xaneiro de 2024 e a aprobación en 2020 da LOMLOE.
- a Lei Orgánica 3/2022 do 31 de marzo de ordenación e integración profesional; o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional; Reais Decretos de currículo.
- Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, a Lei 6/2022, do 31 de marzo, de modificación ao Texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, e a Lei Orgánica 2/2023 de 22 marzo, do Sistema Universitario.



- Medidas incluídas na Estratexia Española sobre Discapacidade:

- Esta Estratexia comprende catro eixos e un eixo transversal. Inclúense varios retos e medidas estratéxicas entre as que se atopa o plan previsto na LOMLOE, segundo o cal no prazo de dez anos, os centros ordinarios contén cos recursos necesarios.

- Outras estratexias:

- Primeiro *Plan de Acción Estratexia Española en Trastorno do Espectro do Autismo 2023-2027* e o *Marco Estratéxico de Protección, Promoción e Revitalización da Lingua de Signos Española 2023-2030*.
- O estudo realizado polo Centro de Documentación e Investigación sobre Discapacidade do Real Padroado sobre Discapacidade identificou doce recomendacións. Outras iniciativas do Real Padroado inclúen o desenvolvemento en 2023 dunha Guía de orientacións xerais para equipos docentes en educación primaria e secundaria, unha investigación sobre o persoal docente e investigador con discapacidade no sistema universitario español, e o sexto estudo sobre o grao de inclusión do sistema universitario.
- Real Decreto 674/2023, do 18 de xullo, polo que se aproba o Regulamento das condicións de utilización da lingua de signos española e dos medios de apoio á comunicación oral para as persoas xordas.

- Medidas para o desenvolvemento dun plan de educación inclusiva previsto na LOMLOE.

- O Ministerio participa no Proxecto multipaís para combater disparidades no acceso á educación inclusiva en tres países do sur de Europa.
- O Ministerio desenvolve iniciativas de cooperación técnica coas comunidades autónomas, programas de cooperación territorial, o foro para a educación inclusiva, bolsas e axudas o estudo, apoio e formación do profesorado e destaca o programa PROA +.

- Medidas relacionas coa epidemia da Covid-2019.

- Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e PROA.



- Informe EURYDICE que indica que España é un dos países da rexión mais comprometidos coa inclusión na escola.

- Desenvolvementos informados por outras fontes.

- Informaron sobre fendas de implementación e desafíos en áreas relativas á lexislación, á toma de conciencia pola sociedade, ó dereito das persoas con discapacidade á non discriminación, á implementación do plan de inclusión educativa, á implementación do dereito á educación inclusiva en comunidades autónomas, á titularidade do dereito á educación, ó sistema de avaliacións psicopedagóxicas e ós ditames de escolarización, á accesibilidade, ó sistema de apoios, á titulación, ó investimento en educación ordinaria e en educación especial e ás decisións dos tribunais.

4. PREOCUPACIÓNS DO COMITÉ SOBRE OS DEREITOS DAS PERSOAS CON DSCAPACIDAD.

- Preocupa, que, durante a tramitación no Congreso da LOMLOE, grupos parlamentarios fixesen avogacía pola educación especial e que certas comunidades autónomas continúen adoptando leis que perpetúen a educación especial segregadora. O Comité alenta un Pacto de Estado para a educación inclusiva e de calidade.
- Preocupa que a lexislación non recoñeza o dereito das persoas con discapacidade senón que só o considere como un principio. Que a lexislación perpetúe a educación especial segregadora baseándose nun enfoque biomédico.
- Preocupa que as Administracións educativas continúen prestando o apoio necesario aos centros de educación especial para que estes escolaricen ó alumnado, ademais de desempeñar a función de centros de referencia e apoio para os centros ordinarios, tendo en conta que a aplicación do artigo 24 non é compatible co mantemento de dous sistemas de ensino.
- Preocupa que as avaliacións psicopedagóxicas e os ditames e resolucións de escolarización continúen resultando na exclusión de alumnado con discapacidade.
- Preocupa que se invoque o interese superior do neno para continuar xustificando a segregación, parecendo indicar que as familias que se posicionan pola escolarización na escola ordinaria poden estar expostas a atopar unha maior oposición por parte da



Administración en relación a aquelas que expresen preferencias por un réxime “menos inclusivo”.

- Preocupa que a segregación educativa afecta en maior proporción ás persoas con discapacidade intelectual.
- Preocupa a dilación na adopción do Plan de Educación Inclusiva. Os Estados parte deberían considerar as consultas e a integración das persoas con discapacidade como medida obrigatoria antes de aprobar leis, regulamentos e políticas. Débese recoñecer ás persoas con discapacidade e, cando cumpra, ás súas familias, como colaboradores e non só beneficiarios da educación.
- Preocupan os incidentes de acoso escolar contra as persoas con discapacidade en recintos escolares, perpetrados por alumnado, nais e pais de estudantes e mesmo por persoal docente a través de acoso verbal reiterado e de recurso a suxeicións físicas e mecánicas.
- Preocupa a insuficiencia das campañas xerais de sensibilización sobre o dereito das persoas con discapacidade á educación inclusiva e que algunhas asociacións continúen facendo avogacía da educación especial.
- Preocupa, que grupos parlamentarios, autoridades e parlamentos dalgunhas comunidades autónomas continúan facendo avogacía pola educación en centros ou aulas especiais.
- Preocupa que os apoios e adecuacións educativas para os estudantes con discapacidade intelectual, autismo, síndrome de Down, parálise cerebral ou xordeira están insuficientemente satisfeitas, comprometendo o seu dereito a unha aprendizaxe de calidade. Reportáronse diminucións e recortes dos apoios educativos, que a falta e/ou insuficiencia destes apoios se invoque a miúdo como xustificación para derivar a un estudante con discapacidade a escolas especiais segregadoras. Preocupa que é sobre as familias nas que recae moitas veces a responsabilidade financeira de asumir o gasto de certas adaptacións
- Preocupa a carencia e/ou insuficiencia, tanto de persoal docente como non docente, as familias destacaban a falta de apoios personalizados, a escaseza de persoal e de recursos técnicos, e, nalgúns casos, a falta de comprensión e de empatía, o descoñecemento das necesidades dos seus familiares con discapacidade ou o comportamento dos outros alumnos.
- Preocupa que a escaseza e insuficiencia do sistema de apoio nos centros ordinarios, empuxe a familias de persoas con discapacidade á escolarización dos seus fillos a fillas con discapacidade en escolas especiais e que continúe sendo utilizado para defender a perpetuación da escola especial segregadora.



- Preocupa que se continúe destinando gasto público á educación especial.
- Preocupa que estudantes con discapacidade, principalmente con discapacidade intelectual que obtiveran adaptacións curriculares significativas antes da vixencia do Real Decreto 217/2022 non puidesen titularse do Ensino Secundario Obrigatorio, a pesar de aprobar todos os requisitos da malla curricular.
- Preocupa que un 80% de mozos con discapacidade entre 16 e 24 anos estaba inactivo, un 11,7% en paro e un 8% ocupado.
- Preocupa que se advirte un aumento considerable das queixas relativas á insuficiencia de prazas en centros públicos e ás dificultades para poder acceder a estes ensinos fóra da comunidade autónoma de residencia.
- Preocupa a accesibilidade. O Defensor do Pobo indicou que era preciso a mellora de todas aquelas accións e medidas destinadas a incrementar a accesibilidade e a adecuación das ferramentas dixitais educativas ás necesidades dos alumnos con necesidades educativas especiais. En edificios públicos ou na contorna urbana máis dun millón e medio de persoas con discapacidade manifestou ter dificultades para acceder e utilizar estes espazos; que o transporte tamén presenta dificultades para máis de 1,7 millóns de persoas con discapacidade, sobre todo á hora de subir ou baixar do vehículo ou acceder ao asento, máis de 1,6 millóns de persoas tamén atopan dificultades á hora de utilizar as novas tecnoloxías.
- Preocupa que a cuarta parte da poboación española con discapacidade vive no medio rural e que as persoas con discapacidade séguense enfrontando a maiores desafíos de accesibilidade.

5. CONCLUSIÓNS.

- O Estado parte conta con todos os recursos.
- A segregación educativa das persoas con discapacidade a través da súa escolarización en centros especiais e unidades específicas en aulas ordinarias continúa estando prevista e vixente na súa lexislación, aceptada por altos Tribunais, promovida por grupos parlamentarios, parlamentos e autoridades a nivel de comunidades autónomas, colectivos da sociedade civil, e practicada polas Administracións educativas.
- As cuestións, problemas e desafíos estruturais que no seu día avaliou e que en 2017 levaron a adoptar o seu informe de investigación, persistiron e continúan producindo como resultado a perpetuación dun sistema educativo que segrega.
- O Comité nota con preocupación que existe risco de retroceso na implementación do dereito á educación inclusiva e de calidade na medida que algunhas autoridades,



incluíndo algunhas administracións educativas e gobernos continúen promovendo a escola especial e expoñan reverter as medidas que ata o de agora se adoptaron en favor da inclusión educativa.

6. RECOMENDACIÓNS.

O Comité recomenda:

- Ás autoridades e entidades que teñen e exercen competencias para iniciar proxectos e propostas de lei.

- ❖ Derrogar, en forma prioritaria e urxente, toda lei vixente que permita ou perpetúe a segregación educativa das persoas con discapacidade, a través da súa escolarización en escolas ou centros especiais e unidades específicas en aulas ordinarias.
- ❖ Revisar ou aprobar con urxencia leis, para que se recoñeza a educación inclusiva e de calidade como un dereito, se inclúa unha cláusula de non rexeitamento por razóns de discapacidade, e se inclúan partidas orzamentarias adecuadas, liñas de base, indicadores e sistemas de avaliación, co obxecto de desenvolver plenamente un sistema de apoios individualizados para as persoas con discapacidade nos centros ordinarios. Ditas leis deben incluír todas as adaptacións curriculares individualizadas, adaptación das avaliacións e formación ao persoal docente e non docente.

- Aos grupos parlamentarios:

- ❖ Asegurar que ditas propostas ou proposicións non perpetúen a segregación educativa das persoas con discapacidade, a través da súa escolarización en escolas ou centros especiais e unidades específicas, senón que promovan a súa inclusión no sistema xeral ou ordinario de educación, con apoios individualizados adecuados, adaptacións curriculares e, no seu caso, axustes razoables que aseguren a calidade educativa.

- Aos Tribunais:

- ❖ Revisar a súa xurisprudencia, para axustala á Convención, recoñecendo que a segregación educativa, non é compatible coa Convención, que a coexistencia de dous sistemas de educación tampouco é compatible co tratado, e que calquera sexan os requirimentos de apoios, en ningún caso xustifica a súa exclusión da educación xeral ordinaria.



- Á Administración Xeral do Estado, Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

- ❖ Adopte sen dilación o plan de educación inclusiva previsto na disposición adicional cuarta da LOMLOE, asegurando que se axuste ás disposicións da Convención, a Observación Xeral Número 4 sobre educación inclusiva e de calidade e as recomendacións mencionadas neste informe, asegurando así mesmo que conteña estándares de política pública que permitan a coordinación, coherencia e harmonización necesarias para a súa implementación por todas as comunidades autónomas e asegurando a estreita consulta e activa participación das persoas con discapacidade e das súas organizacións representativas, no deseño e implementación do devandito plan.

- A todas as administracións educativas.

- ❖ Identificar con miras á súa eliminación e derogación urxente todos os regulamentos, protocolos e normas que continuaron permitindo decisións de escolarización e resolucións de escolarización en centros ou escolas especiais e unidades específicas en escolas ordinarias
- ❖ Asegurar que as avaliacións psicopedagógicas non conclúan nin conduzan á separación dunha persoa con discapacidade da escola; asegurar que ditas avaliacións identifiquen e desenvolvan plans individuais de apoio con adaptacións curriculares, e medidas para remover as barreiras externas para asegurar o pleno exercicio do dereito á educación inclusiva e de calidade, implementar protocolos para procesar, considerar e resolver sen dilación as solicitudes de axustes razoables que propoñan as persoas con discapacidade e as súas familias.
- ❖ Tomar medidas para asegurar que a implementación de partidas orzamentarias, se dirixan a desenvolver apoios individualizados nos centros ordinarios.
- ❖ Promover activamente a accesibilidade dos centros educativos, do material educativo e da información e comunicacións. Implementar de maneira efectiva a disposición do artigo 74.2 da LOMLOE sobre mecanismos para resolver discrepancias.
- ❖ Implementar de maneira efectiva os protocolos de actuación para previr e sancionar incidentes de acoso escolar, ciberacoso, acoso sexual, violencia de xénero e calquera outra manifestación de violencia.
- ❖ Implementar de maneira efectiva e periódica os programas de formación profesional previstos.



- ❖ Implementar campañas periódicas de sensibilización á poboación xeral sobre o dereito á educación inclusiva e de calidade das persoas con discapacidade que salienten a prevención e o combate contra a discriminación, os estereotipos, os prexuízos e as prácticas nocivas.
- ❖ Celebrar consultas estreitas e colaborar activamente coas persoas con discapacidade e a través das súas organizacións representativas para asegurar a súa plena participación na implementación das anteriores recomendacións.

- *Ao Instituto Nacional de Estatística.*

- ❖ Continuar implementando as súas enquisas de Discapacidade, Autonomía persoal e Situacións de Dependencia, con regularidade.

- *Ao Defensor do Pobo.*

- ❖ Continuar publicando sobre os dereitos das persoas con discapacidade nos seus informes anuais, incluíndo nas súas avaliacións a implementación das presentes recomendacións.

- *Ao Comité de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI):*

- ❖ Incluír nos seus informes anuais, información sobre a implementación das presentes recomendacións por todas as autoridades do Estado parte.

7. SEGUIMIENTO.

- Continuar co seguimento ó informe da investigación.
- Solicitar ó Estado un informe de seguimento en marzo de 2029.